Matrícula en liña

Instrucións de axuda para as familias

IES 12 DE OUTUBRO

Índice

Introdución 2
a) Aplicativo para a formalización de matrícula en liña 2
b) Prazos para a formalización da matrícula en liña 2
c) Alumnado destinatario da matrícula en liña 2
Procedemento de matrícula en liña para as familias 3
a) Inicio da matrícula en liña 4
b) Completar os datos de matrícula 4
c) Finalizar a formalización da matrícula en liña 6

1. Introdución

A matrícula en liña permite formalizar a matrícula sen desprazarse ao centro educativo. Esta modalidade convive coa tramitación presencial, polo que se pode elixir a modalidade que mellor se adapte ás necesidades de cada familia.

a) Aplicativo para a formalización de matrícula en liña

A matrícula en liña poderá realizarse desde un dispositivo móbil ou desde o ordenador a través do aplicativo *AdmisionAlumnado*- https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado.

O alumnado destinatario que estivo escolarizado no curso 2025/26 no sistema educativo galego recibirá unha ligazón de acceso directo ao aplicativo na aplicación **abalarMóbil**.

b) Prazos para a formalización da matrícula en liña

O aplicativo estará dispoñible para a formalización de matrícula nos seguintes prazos:

- **Educación infantil e educación primaria**: do 20 ao 30 de xuño.
- **Educación secundaria obrigatoria e bacharelato**: do 23 de xuño ao 7 de xullo.

c) Alumnado destinatario da matrícula en liña

Poderá formalizar a matrícula en liña:

- Alumnado con praza asignada no procedemento de admisión ordinario para o curso 2026/27 que se incorpore ao sistema educativo (4º de educación infantil ou 1º de educación primaria).
- Alumnado con praza asignada no procedemento de admisión ordinario para o curso 2026/27 por cambio voluntario de centro.
- Alumnado con praza reservada para iniciar etapa educativa nun centro procedente dun centro adscrito.
- Alumnado que vaia cursar calquera curso de ESO ou bacharelato no curso 2026/27.

No resto de casos de cambio de etapa ou curso en educación infantil e educación primaria, se non hai cambio de centro, non é necesario realizar ningunha xestión, xa que a matrícula se tramita de xeito automático.

1. Procedemento de matrícula en liña para as familias

A continuación, detállanse os pasos para realizar a matrícula en liña a través do aplicativo.

As persoas usuarias poden acceder ao aplicativo **AdmisionAlumnado,** tanto na súa versión para ordenador ou na súa versión para dispositivos móbiles, premendo no botón verde de inicio de sesión (situado na parte superior dereita da interface) ou no botón azul co texto "**Entrar Iniciando Sesión**".



Para acceder, será necesario **autenticarse mediante certificado ou DNI dixital** (seleccionando a opción Entrar baixo *Ou entre con certificado dixital*) **ou autenticarse con Chave365 ou usuario corporativo (xunta.gal ou edu.xunta.gal)** seleccionando a opción correspondente no menú despregable (onde aparece por defecto o texto *Usuario de educación*).



Unha vez confirmada a identidade, ana esquina superior dereita amósase un botón de cor vermella que permite pechar a sesión (saír do espazo persoal) en calquera momento e, á súa esquerda, o nome e apelidos da persoa usuaria autenticada.



a) Inicio da matrícula en liña

Para iniciar o procedemento de matrícula en liña existen dúas opcións:

1. **Alumnado que participou no procedemento de admisión 2026/27 e ten praza asignada**: debe acceder ao menú ***2.6 As miñas solicitudes*** e premer no despregable de opcións elixindo ***Matricular*** para xerar a solicitude de matrícula.

2. **Alumnado que non participou no procedemento de admisión 2026/27**: debe acceder á opción ***2.4.1 Crear*** *(seguindo a ruta:* ***2.4 Matricula > 2.4.1 Crear****)*.

   No apartado "**Observacións**" visualizarase información relativa á permanencia da alumna/o no centro. Os dous tipos de avisos que poden aparecer son:

   - A alumna/o renunciou á súa permanencia.
   - A alumna/o perdeu a súa permanencia.

   A persoa usuaria deberá premer no botón ***Matricular*** para xerar a solicitude de matrícula.

b) Completar os datos de matrícula

Completaranse os seguintes datos:

- Datos da persoa solicitante e da persoa proxenitora ou acolledora, de ser o caso. De ser preciso, o enderezo pode actualizarse nesta sección.
- Datos da alumna/o.
- Centro docente e curso.
- Servizos complementarios. O centro non dispón nin de servizo de comedor, nin de transporte.

- **1º da ESO** debe seleccionar:



Para elixir o idioma da materia de tecnoloxía e dixitalización debedes achegar o 1º ESO – OPTATIVA na opción de Outros 1.

- **2º da ESO** debe seleccionar:



Para elixir o idioma da materia de tecnoloxía e dixitalización debedes achegar o 2º ESO – OPTATIVA na opción de Outros 1.

- **3º ESO** debe seleccionar:

OPTATIVAS		
ELIXIR UNHA:	◯	RELIXIÓN
	◯	PROXECTO COMPETENCIAL
ELIXIR UNHA: (numerar todas por orden de preferencia)	☐	FRANCÉS
	☐	PORTUGUÉS
	☐	CULTURA CLÁSICA
	☐	EDUCACIÓN DIXITAL (escoller idioma) → ◯ EN CASTELÁN ◯ EN INGLÉS

Para elixir o idioma da materia de tecnoloxía e dixitalización debedes achegar o 3º ESO – OPTATIVA na opción de Outros 1

- **4º ESO** debe seleccionar:

MATERIAS TRONCAIS (escoller unha opción):		
◯ **OPCIÓN A:**		◯ **OPCIÓN B:**
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
LINGUA GALEGA E LITERATURA		LINGUA GALEGA E LITERATURA
XEOGRAFÍA E HISTORIA		XEOGRAFÍA E HISTORIA
MATE. ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS ACADÉMICAS		MATE. ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS APLICADAS
1ª LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS		1ª LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS
EDUCACIÓN FÍSICA		FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PER. E PROFESIONAL
ELIXIR UN BLOQUE	◯ BIOLOXÍA E XEOLOXÍA + FÍSICA E QUÍMICA	TECNOLOXÍA
	◯ ECONOMÍA + LATÍN	EDUCACIÓN FÍSICA

OPTATIVAS (iguais para as dúas opcións):		
ELIXIR UNHA (numerar por orden de preferencia)	☐	RELIXIÓN
	☐	PROXECTO COMPETENCIAL
ELIXIR UNHA (numerar todas por orden de preferencia)	☐	FILOSOFÍA
	☐	ORATORIA
	☐	FRANCÉS
	☐	PORTUGUÉS
ELIXIR UNHA (numerar todas por orden de preferencia)	☐	EXPRESIÓN ARTÍSTICA
	☐	MÚSICA
	☐	EDUCACIÓN DIXITAL (escoller idioma) → ◯ EN CASTELÁN ◯ EN INGLÉS

Na parte de Centro docente e curso debedes elixir a opción de 4º da ESO a cursar, que pode ser OPCION A ou OPCIÓN B

As **matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas** son as **MATEMÁTICAS B**, e as **matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas** son as **MATEMÁTICAS A**

As materias de Expresión artística, Música e Educación dixital, son materias de opción. No aplicativo aparecen coas materias de opción de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Economía, Latín, Tecnoloxía e FOP.

Debedes elixir primeiro as materias dos bloques de opción (BeX, FeQ, Economía, Latín, Tecnoloxía e FOP), estas materias xa quedarán marcadas.

A continuación ordenades por preferencia as outras materias optativas de opción (Expresión artística, Música e Educación dixital) cos números de preferencia 1, 2 e 3.

Para elixir o idioma da materia de tecnoloxía e dixitalización debedes achegar o 4º ESO – OPTATIVA na opción de outros 1

O resto de materias optativas (Filosofía, Oratoria, Francés e Portugués), deben ordenarse por preferencia.

- **1º de Bacharelato** debe seleccionar:

TRONCAIS	
LINGUA GALEGA E LITERATURA I	FILOSOFÍA
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA I	EDUCACIÓN FÍSICA
1ª LINGUA ESTRANXEIRA I: INGLÉS	ELIXIR UNHA: ○ RELIXIÓN ○ VALORES ÉTICOS

ESCOLLER UNHA MODALIDADE		
○ HUMANIDADES	○ CIENCIAS SOCIAIS	○ CIENCIAS
LATÍN I	MATEMÁTICAS APLICADAS I	MATEMÁTICAS I
GREGO I	ECONOMÍA	FÍSICA E QUÍMICA
ELIXIR UNHA: ☐ HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO ☐ LITERATURA UNIVERSAL	ELIXIR UNHA: ☐ HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO ☐ LITERATURA UNIVERSAL	ELIXIR UNHA: ☐ BIOLOXÍA E XEOLOXÍA ☐ DEBUXO TÉCNICO I ☐ TECNO. E ENXEÑERÍA I

ESCOLLER UNHA OPCIÓN (numerar todas por orde de preferencia)	
☐ ANATOMÍA APLICADA	☐ LITERATURA GALEGA DO S. XX E DA ACTUALIADE
☐ ANTROPOLOXÍA	☐ PORTUGUÉS
☐ CULTURA CIENTÍFICA	☐ TIC I
☐ FRANCÉS	☐ DEBUXO ARTÍSTICO I
☐ LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL	

A oferta de materias dependerá do número de alumnos/as e do profesorado dispoñible.

Na opción de centro docente e curso debedes elixir a modalidade de bacharelato a cursar (Ciencias, Humanidades ou Ciencias Sociais)

Na materia Obrigatoria a elixir debedes marcar:

- Humanidades → Latín I
- Ciencias Sociais → Matemáticas aplicadas I
- Ciencias → Matemáticas I

Nas materias de opción da modalidade, xa aparece, para cada modalidade de bacharelato unha materia seleccionada por defecto. O resto de materias deben seleccionarse por orde de preferencia (desde o número 2 en adiante)

Na opción de materias optativas xeral, débense elixir ata un máximo de 4 materias e ordenalas por orde de preferencia (1, 2, 3 e 4)

- **2º de Bacharelato** debe seleccionar:

TRONCAIS

LINGUA GALEGA E LITERATURA II
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II
HISTORIA DE ESPAÑA
1ª LINGUA ESTRANXEIRA II: INGLÉS
HISTORIA DA FILOSOFÍA
ELIXIR UNHA: ○ RELIXIÓN ○ BUSCA E TRAT. DA INFORMACIÓN

ESCOLLER UNHA MODALIDADE

○ HUMANIDADES	○ CIENCIAS SOCIAIS	○ CIENCIAS (marcar unha opción: A ou B)	
LATÍN II	MATEMÁTICAS APLICADAS II EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO	ELIXIR UNHA: ○ MATEMÁTICAS II ○ MATEMÁTICAS APLICADAS II	
		☐ OPCIÓN A FÍSICA	☐ OPCIÓN B
ELIXIR DÚAS: ☐ GREGO II ☐ Hª DA ARTE ☐ XEOGRAFÍA	ELIXIR UNHA: ○ GREGO II ○ Hª DA ARTE ○ XEOGRAFÍA	ELIXIR UNHA: ○ DEBUXO TÉC. II ○ QUÍMICA ○ TECNOLOXÍA II	BIOLOXIA QUÍMICA

ESCOLLER UNHA OPCIÓN (numerar todas por orde de preferencia)

☐ XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS
☐ MÉTODOS NUMÉRICOS E ESTATÍSTICOS
☐ PSICOLOXÍA
☐ PATRIMONIO E SOCIEDADE GALEGA
☐ HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA
☐ FRANCÉS
☐ PORTUGUÉS
☐ TIC II
☐ DEBUXO ARTÍSTICO II

A oferta de materias dependerá do número de alumnos/as e do profesorado dispoñible.

Na opción de centro docente e curso debedes seleccionar unha das modalidades: Humanidades, Ciencias Sociais Ciencias A e Ciencias B

Na opción de materia obrigatoria a elixir debedes escoller:

- Humanidades → Latín II
- Ciencias Sociais → Matemáticas aplicadas II
- Ciencias → Matemáticas I ou Matemáticas aplicadas II

Nas materias de opción da modalidade, xa aparece, para as modalidades de Ciencias e Ciencias Sociais unha materia seleccionada por defecto. O resto de materias deben seleccionarse por orde de preferencia (desde o número 2 en adiante).

Na modalidade de Humanidades non aparece unha materia xa seleccionada, debedes elixir dúas materias ordenadas por preferencia.

Na opción de materias optativas xeral, débense elixir ata un máximo de 4 materias e ordenalas por orde de preferencia (1, 2, 3 e 4)

Documentación que se debe achegar:

Xunto cos datos anteriores, deberase achegar a seguinte documentación:

- A partir de 3º ESO: xustificante pago do seguro obrigatorio
- Autorizacion para o uso de imaxes polo centro educativo actividades non docentes
- Fotocopia da tarxeta sanitaria
- Fotografía recente (menos de 6 meses)
- Na ESO e BAC: certificación académica de acceso aos estudos no caso de acceder doutro centro docente, boletín de notas finais do curso anterior´só para alumnado xa matriculado no centro.
- **Outro 1**: para o alumnado de 1º ata 4º da ESO deben achegar o documento **X ESO – OPTATIVA** (onde X é o curso no que se matricula), para decidir o idioma a cursar a materia de Tecnoloxía e Dixitalización (1º e 2º ESO) ou Educación dixital (3º e 4º ESO).
- **Outro 2:** Ficha do alumnado con enfermidade crónica
- **Outro 3:** Inscripción ANPA (**voluntario**)

Calquera outra documentación de interese (sentenzas, certificados médicos ...) achegaranse en persoa no centro escolar a partir do **7 xullo*

A documentación achégase premendo no botón ***Achegar Documento*** (admítense arquivos en formato *pdf, png, gif, jpeg,* cun peso máximo de 5 MB por ficheiro).

A obrigatoriedade de entregar un documento non impide que poida continuar coa tramitación da matrícula. Os documentos pendentes poderán achegarse, dentro do prazo establecido para a matrícula en liña, a través do propio aplicativo. Unha vez rematado o prazo, só poderán entregarse de forma presencial no centro.

c) Finalizar a formalización da matrícula en liña

Para finalizar a matrículación en liña, deberase premer no botón ***Crear***. Tras este paso, o sistema amosará a pantalla de rexistro de matrícula. Na columna **Opcións** da listaxe, figurará un botón co texto "**Ver Solicitude De Matrícula**", que lle permitirá revisar e verificar toda a información introducida.

Un **xustificante de matrícula** en formato PDF pódese obter de dous xeitos:

1. **De xeito inmediato (recomendado)**: na mesma pantalla de rexistro de matrícula, xusto ao finalizar o proceso, pódese premer directamente no botón ***Ver Solicitude de Matrícula***.
2. **A posteriori:** se non se descargou no seu momento, poderase obter máis adiante accedendo ao menú ***2.6 As miñas solicitudes***. Unha vez aí, existen dúas vías:
   - Premer no botón ***Rexistrar matrícula*** e seguir as indicacións do punto anterior.
   - Ir directamente á columna ***Opcións*** e seleccionar ***Ver Solicitude de Matrícula***.

En ambos os dous casos, unha vez se estea visualizando a solicitude, deberase premer no botón **Xerar Informe** (situado ao final da pantalla). O sistema creará o documento PDF, ao que se poderá acceder visitando o **Buzón de Informes**.